

Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Paraño Oeste
Concellos:	Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense)
Promotor	Eólica Galenova S.L.U.
Remitido:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN661A DXIEM-02/11
Expte.:	03.I.433.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA934/2011 (Servizo de Arquitectura)

O 01.10.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito, do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, no que de acordo co artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, se comunica o trámite de consultas e se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos: *Estudio de impacto ambiental referido al Proyecto de Ejecución Parque Eólico Paraño Oeste y conexión de evacuación, en el término municipal de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) Octubre 2020 e Proxecto Sectorial Parque Eólico Paraño Oeste, término municipal de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) Julio 2021.*

ANTECEDENTES E FEITOS

O Parque Eólico Paraño Oeste foi admitido a trámite por resolución da Consellería de Economía e Industria do 20 de decembro de 2010. O proxecto consiste na execución dun parque eólico de 50 MW de potencia, composto por 17 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, gabias de cabreado, subestación transformadora 30/66 kV, edificio de control e dúas torres anemométricas).

O 27.05.2011 o director xeral de Patrimonio Cultural resolveu autorizar á arqueóloga Lorena Vidal Caeiro, da empresa ZETA Arqueoloxía, S.L., a realización dunha *Prospección para a avaliación do impacto arqueolóxico do Parque eólico Paraño Oeste (Beariz, Boborás e O Irixo, Ourense e Forcarei, Pontevedra)* (CT 102A 2011/187-0), de acordo co proxecto de intervención presentado pola empresa Torre de Hércules, S.L. o 24.03.2011

O 07.09.2011 o director xeral de Patrimonio Cultural emite informe, no marco do procedemento de consultas sobre decisión de Avaliación de Impacto Ambiental da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, relativo ao *Documento de Inicio. Parque Eólico Paraño Oeste. Febrero 2011*, no que se establece a necesidade de contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural, baseada nunha prospección arqueolóxica de todo o ámbito do proxecto. Asemade establecíase a necesidade de levar a cabo as seguintes accións:

- Desprazamento do aeroxerador PÑW-9 e a súa infraestrutura asociada do contorno de protección do xacemento arqueolóxico GA32011017, Mámoa da Portela de Alvite.
- Desprazamento do aeroxerador PÑW-11 e a súa infraestrutura asociada do contorno de protección dos bens arqueolóxicos GA32011029- 41, Petróglifos do Pión.
- Desprazamento do vieiro de nova traza proxectado no contorno de protección do ben GA36018057, Campo da Mámoa 1.
- Desprazamento do aeroxerador PÑW-13 e a súa infraestrutura asociada do contorno de protección do ben GA36018058, A Neveira.
- Desprazamento do vieiro de nova traza do entorno de protección do xacemento GA36018090, Campo da Mámoa 3.

O 26.10.2012 o director xeral de Patrimonio Cultural emite informe favorable relativo ao EIA do Parque Eólico Paraño Oeste, coas seguintes cautelas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental:





- É necesario a realización do control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do parque eólico.
- O proxecto deberá recoller as medidas correctoras incluídas no Anexo 7 do EIA.
- Coma Anexo ó proxecto arqueolóxico, deberase recoller, na cartografía de obra durante o transcurso da mesma, un plano no que figurarán as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do Patrimonio Cultural xunto coas súas áreas de cautela.

O 29.11.2013 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formula a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do Proxecto de Parque Eólico Paraño Oeste, nos concellos de Beariz (Ourense) e Forcarei (Pontevedra), promovido pola empresa Torre de Hércules, S.L. O apartado 7 recolle o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

O 25.06.2014 a directora xeral do Patrimonio Cultural informa favorablemente o *Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Eólico Paraño Oeste*, mantendo o establecido no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 29.11.2013 e recollido no apartado 7 da DIA.

O 23.03.2018 directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe en relación á solicitude consulta, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, sobre se se produciron cambios substanciais nos elementos esenciais que serviron para realizar a avaliación de impacto ambiental no proxecto *Parque Eólico Xinzo Norte*, promovido por TH Eólica, S.L. Neste informe establecíase o seguintes consideracións :

- se teñen producido cambios substanciais nos elementos esenciais que serviron para realizar a avaliación de impacto ambiental.
- no ano 2009 se documentou unha nova entidade arqueolóxica denominada *Gravados de Petón*, GA36018112, que non foi recollida no Estudio de Impacto Ambiental. Trátase un conxunto de cinco coviñas (catro delas aliñadas) localizadas na parte máis alta dun afloramento rochoso de xisto. Na contorna destes bens instalárase o aeroxerador PÑW-13 e o vieiro de acceso ó mesmo de nova traza.
- é necesario contar cunha avaliación detallada do impacto que os elementos da infraestrutura eólica (PÑW-13 e o vieiro de acceso), xerarán sobre o ben arqueolóxico *Gravados de Petón* (GA36018112), así como unha proposta de corrección que valorará a posibilidade de desprazar a infraestrutura eólica fóra da contorna de protección do ben arqueolóxico.

O 25.09.2019 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolveu autorizar ao arqueólogo Cristobal Nodar Nodar a intervención *Prospección Arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural modificacións Parque Eólico Paraño Oeste* (CT 102A 2019/608-0), de acordo co proxecto de intervención presentado pola empresa EÓLICA GALENOVA, S.L.U. o 31.07.2019.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro* (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade* (DOG núm. 242, do 01.12.2020)
- *Resolución do 27 de xullo de 2021 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais declarouse a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes ao Parque Eólico Paraño Oeste.*



De acordo coa documentación remitida, e en relación ao Patrimonio Cultural, pódense facer as seguintes consideracións:

Estudo de Impacto Ambiental

- O parque eólico e a liña de evacuación atópanse dentro da ADE II-10-4 Paraño, na Zona Eólica 10.
- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto Parque Eólico Paraño Oeste e infraestrutura de evacuación, de 49,7 MW de potencia total, que constará de 14 aerogeradores de 3,550 MW de potencia unitaria, 114 m de altura de buxe e 132 m de diámetro de rotor, e as súas infraestruturas asociadas: accesos e vieiros interiores, cimentacións, instalacións auxiliares, zonas de campamento de obra, maquinaria e amoreamentos, sistema de drenaxe, plataformas de montaxe, gabias de cableado, SET e dúas torres meteorolóxicas.
- O Parque Eólico evacuará a súa enerxía, mediante a conexión da subestación 30/220KV do PE Paraño Oeste coa liña existente LAAT 220 kV da SET Albarellos- P.E. Cando, cuxa traza discorre próxima ao PE, mediante a instalación de (apoio denominado N2), entre os apoios 41 e 42 da liña existente, e un vano aéreo destensado entre dito apoio N2 e un apoio de paso aéreo/subterráneo (apoio N1) do que partirá un tramo subterráneo ata a subestación transformadora 30/220kV do PE Paraño Oeste.
- O acceso xeral ao parque realizarase a partir do p.q. 52,5 da estrada N-541, a altura da poboación de Portela de Lamas, tomando un desvío situado na marxe esquerda, despois aos 300 m bifúrcase, collendo o camiño cara ao S para acceder ao aerogenerador PÑW-01, para o resto dos aerogeneradores tomarase o camiño que vai cara ao SW.

O acceso específico aos aerogeneradores realizarase empregando no posible as infraestruturas viarias existentes e construíndo novos viarios no caso de non existise camiños válidos. Os viarios terán unha anchura de 5 metros en todo o seu trazado e 4 m no viario de acceso a torre meteorolóxica, e realizando sobreanchos nas curvas, onde sexa necesario, cun radio mínimo de 40 m.

Os viarios previstos no interior do parque eólico son os seguintes:

- pistas existentes onde só se acondicionará o firme (2.898 m),
- pistas existentes para acondicionar onde se ampliará o ancho (2.940 m), e
- viarios de nova apertura para acceso aos aerogeneradores (6.966 m).
- No apartado 7.2 *Análise de Alternativas*, expónse que tiveronse en conta, para a elección das alternativas, os criterios ambientais, dentro dos cales está o Patrimonio arqueolóxico. Consultouse o Plan básico autonómico, o Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico dos TTMM de Beariz e Forcarei na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, comprobándose que na zona de afección do parque eólico existen elementos do Patrimonio Cultural. Realizouse un estudo de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural da zona afectada, pola empresa ZETA ARQUEOLOXIA. De acordo co dito estudo: inventariáronse novos elementos do Patrimonio Cultural e realizáronse modificacións no deseño inicial do parque eólico, desprazándose aerogeneradores e viarios para minimizar o impacto sobre os elementos arqueolóxicos.
- Estudáronse dúas alternativas (1 e 2) elixindo a alternativa 2 onde o impacto sobre o Patrimonio Arqueolóxico é menor. Realizáronse modificacións con relación a alternativa 1, elimináronse 3 aerogeneradores e desprazáronse 4, reducíronse os viarios e as gabias para instalación de cableado eléctrico e cambiouse a situación da LAT e da SET.
- No apartado 11.- *Inventario Ambiental*, subapartado 11.15.- *Patrimonio cultural*, inclúense unhas táboas cos bens patrimoniais dos concellos de Beariz e Forcarei recollidos na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e indícase que de fixo unha revisión dos planeamentos urbanísticos e da normativa subsidiarias dos concellos afectados. Cómpre sinalar que neste apartado se remite ás proteccións establecidas nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento de 1991, que foron derogadas polo Plan básico autonómico de Galicia, do cal non se fai referencia algunha.

Asemade, indícase que foi realizado un estudo de avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural na zona do parque eólico pola empresa ZETA ARQUEOLOXÍA, que se presenta como Anexo 7 e do cal se inclúe un resumo das afeccións, todas elas sobre elementos de carácter arqueolóxico. Foron localizados novos elementos do patrimonio cultural (3 no Concello de Forcarei e 17 no de Beariz). Consideran que





todos os aeroxeradores, e as súas plataformas de montaxe, así como a subestación estarían fóra das áreas de protección dos elementos inventariados.

Parte dos viarios e gabias para cableado, discorren por áreas de protección de elementos inventariados, son viarios xa existentes que terán que ser acondicionados (algún con ampliación de tramos de curva).

Os xacementos afectados polas obras son: A Neveira (GA32018058), Gravados do Petón (GA32018112), Mámoa do Casteliño (GA32011046), Túmulo 2 do Campo da Mámoa (GA36018089), Posible túmulo da A Costoia, Campo da Mámoa/ Mámoa de Fixó (GA36018057), Túmulo 3 de Campo da Mámoa (GA36018090) e Mámoa da Portela de Alvite (GA32011017).

No subapartado 11.15.1 *Camiño de Santiago* indícase que o camiño máis próximo e a Vía da Prata, a máis de 17,6 km da infraestrutura.

- No apartado 12.- *Identificación y valoración de los impactos*, subapartado 12.16. *Afecciones potenciales sobre el Patrimonio Cultural y arqueológico*, considera os seguintes impactos:
 - compatible sobre A Neveira (GA32018058) e os Gravados do Petón (GA32018112),
 - moderado sobre Túmulo 2 do Campo da Mámoa (GA36018089), Posible túmulo da A Costoia (inédito), e
 - severo sobre Campo da Mámoa/ Mámoa de Fixó (GA36018057), Túmulo 3 de Campo da Mámoa (GA36018090), Mámoa da Portela de Alvite (GA32011017).

Propónse que un equipo de arqueólogos levará a cabo un seguimento dos traballos a pé de obra, de forma que si se detectase algún xacemento arqueolóxico novo, este se comunicaría de xeito inmediato ao organismo competente.

- No apartado 14.- *Medidas protectoras y correctoras*, subapartado 14.2.7.- *Medidas socioeconómicas, cultural y etnográfica*, recóllense as medidas correctoras do Anexo 7 do EsIA.
- O Anexo 7 do EsIA recolle os seguintes documentos (2 prospección e 2 addendas):
 - Memoria de Avaliación de Impacto Arqueolóxico do Proxecto do Parque Eólico Paraño Oeste*, asinada pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro da empresa ZETA ARQUEOLOXIA, recolle os resultados da prospección CT 102A 2011- 187.
 - Addenda (do 14.11.2011).- Plano coa modificación do emprazamento da SET.
 - Memoria de Evaluación del Impacto sobre Patrimonio cultural del Proyecto del Parque Eólico Paraño Oeste, ayuntamiento de Forcarei (Pontevedra) y Beariz (Ourense)*, asinada polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar da empresa ZETA ARQUEOLOXIA, recolle os resultados da prospección CT102A 2019-608. Presenta modificacións no deseño do PE: desprazamento do aeroxerador PÑW13 e a súa infraestrutura asociada, atendendo ao requirimento do informe da DXPC do 23.042018.
 - Addenda (10.11.2020). Modificación do deseño do PE, en relación ca infraestrutura de evacuación.
- Estes documentos recollen os bens do Patrimonio Cultural localizados na poligonal do parque, presentados nunha ficha individualizada coa cualificación de impacto e proposta de medidas correctoras.
- Tendo en conta os cambios no deseño do proxecto, hai un total de 11 elementos patrimoniais no área do parque, dos que 8 presentan algún tipo de impacto:

Código	Nome	Axente de impacto e xustificación	Impacto
Cazoleta 9	Petróglifo do Monte do Peón 1	A 204 m ao SL do petróglifo o aeroxerador PÑW-13.	Sin impacto
Cazoleta 10	Petróglifo do Monte Peón 2	A 203 m ao SL do petróglifo o aeroxerador PÑW-13.	Sin Impact
GA32011047	Neveira do Casteliño	A 250 m ao norte do elemento o aeroxerador PÑW-17 .	Sin Impacto
GA36018058	A Neveira	A 72 m ao SL do elemento pasa o viario cara os aeroxeradores PÑW-13,14,15,16,17. Farase unha adaptación de pistas forestais e cortalumes,tamén gabia para cableado,situada na marxe mais afastada do elemento.	Compatible
GA36018112	Gravados do Petón	A 106 m ao NW do elemento situase a plataforma do PÑW-13, a	Compatible



		plataforma non require movementos de terras, so roza de vexetación.	
GA32011046	Mámoa do Casteliño	A 181 m ao N do elemento, situase o viario cara o aero PÑW-17, este viario parte dun cortalumes, o viario situase no lado máis afastado do xacemento	Compatible
GA36018089	Túmulo de Campo da Mámoa 2.	A 38 m ao S do xacemento localízase o viario de acceso xeral, aproveitarase unha pista realizada sobre un cortalumes, a gabia de cableado localizada na marxe máis afastada do elemento.	Moderado
Inédito	Túmulo 2. Posible túmulo da Costoia	A 0 m do viario de acceso xeral, viario sobre un cortalumes, a gabia de cableado na marxe máis afastada do elemento.	Moderado
GA36018057	Campo da Mémoa/ Mámoa de Fixó	A 20 m ao S do elemento situase o viario de acceso xeral sobre un cortalumes existente, a gabia de cableado na marxe máis afastada do xacemento.	Severo
GA36018090	Túmulo do Campo da Mámoa 3	A 8 m ao Sur do elemento situase o viario sobre cortalumes, a gabia de cableado situado na marxe máis afectada do xacemento.	Severo
GA32011017	Mámoa da Portela de Alvite	A 0 m do viario de acceso xeral, cara a máquina 9 e 10, a gabia de cableado na marxe máis afastada do xacemento.	Severo

- Medidas correctoras xenéricas para o proxecto: control e seguimento arqueolóxico das obras nas fases de replánteo e remoción de terras; comunicación con antelación ao equipo encargado do control e seguimento a localización das posibles zonas de acopio ou préstamo así como calquera outra obra non recollida na planimetría nin no proxecto, en previsión de que calquera elemento arqueolóxico non identificado poida verse afectado polas obras. Revisión pormenorizada de todo o replánteo previo para verificar que non afecten a elementos non recollidos no presente estudo de impacto. Inclusión nos planos de obra dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas.
- Medidas correctoras xenéricas para xacementos ou elementos de interese patrimonial que puidesen aparecer nas fase de replanteo ou construción: balizado de cada elemento no inicio das obras, sinalización dos elementos do Patrimonio Cultural e as áreas de cautela na planimetría de obra, prohibición de calquera tipo de remoción nas inmediacións dos xacementos, as obras deberán restrinxirse ao proxectado, control e seguimento de tódalas remocións a realizar nas proximidade dos elementos patrimoniais.
- Medias correctoras específicas para os elementos arqueolóxicos afectados polas obras do parque eólico:

Código	Nome	Medidas específicas	Impacto
GA36018058	A Neveira	Control presencial das obras a realizar na área de protección do elemento.	Compatible
GA36018112	Gravados do Petón	Control presencial das obras na área de protección do elemento, control das labores de roza na área de protección garántese que a plataforma de acopio non afecte ao terreo, o perímetro da plataforma deberá permanecer balizado durante as obras. Como medida compensatorio realizarase un estudo do elemento (calco, debuxo, fotografía...)	Compatible
GA32011046	Mámoa do Casteliño	Control presencial das obras a realizar na área de protección do elemento.	Compatible



GA36018089	Túmulo de Campo da Mámoa 2.	Control presencial das obras a realizar na área de protección do elemento. Todas as ampliacións de viario e todas as obras realizaranse polo lado oposto ao elemento. Balizarase de maneira estable o fronte de ocupación máis próximo ao elemento. Como medida compensatoria propónse un levantamento topográfico do xacemento.	Moderado
RE36018008	Túmulo 2. Posible túmulo da Costoia	Control presencial das obras a realizar na área de protección do elemento. Todas as ampliacións de viario e todas as obras realizaranse polo lado oposto ao elemento. Balizarase de maneira estable o fronte de ocupación máis próximo ao elemento. Como medida compensatoria propónse un levantamento topográfico do xacemento.	Moderado
GA36018057	Campo da Mámoa/ Mámoa de Fixó	Control presencial das obras a realizar na área de protección do elemento. Todas as ampliacións de viario e todas as obras realizaranse polo lado oposto ao elemento. Balizarase de maneira estable o fronte de ocupación máis próximo ao elemento. Como medida compensatoria propónse un levantamento topográfico do xacemento.	Severo
GA36018090	Túmulo do Campo da Mámoa 3	Control presencial das obras a realizar na área de protección do elemento. Todas as ampliacións de viario e todas as obras realizaranse polo lado oposto ao elemento. Balizarase de maneira estable o fronte de ocupación máis próximo ao elemento. Como medida compensatoria propónse un levantamento topográfico do xacemento.	Severo
GA32011017	Mámoa da Portela de Alvite	Control presencial das obras a realizar na área de protección do elemento. Todas as ampliacións de viario e todas as obras realizaranse polo lado oposto ao elemento. Balizarase de maneira estable o fronte de ocupación máis próximo ao elemento. Como medida compensatoria propónse un levantamento topográfico do xacemento.	Severo

- Non hai bens arqueolóxicos afectado pola obras da SET e da LAT, polo que non se establecen ningunha medida correctora, tan só de xeito xenérico recoméndase que tódalas delimitacións sexan recollidas na planimetría de obra.

Proxecto Sectorial

- O proxecto sectorial estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial. E ten como finalidade regular con detalle a implantación territorial do parque eólico.
- O apartado da Memoria 3.- *Estudio de Incidencial Territorial*, 3.4.2.- *Protección ambiental y cultural*, contén un apartado *Patrimonio cultural y etnográfico*. Sinalase que aínda que viarios e gabias atópanse dentro das áreas de protección de bens, despois de facer a prospección arqueolóxica e realizada a avaliación de impacto arqueolóxico considérase que non hai afección directa sobre eles.
- O Anexo 5.- *Documento Ambiental*, contén un documento de síntese do EIA. No subapartado 6.- *Resumen del inventario Ambiental*, 6.1.5.- *Patrimonio Cultural*, presenta consideracións xa recollidas no apartado anterior, sinalando a modo de resúmen:
 - impacto compatible: A Neveira (GA32018058), Gravados do Petón (GA32018112), e Mámoa do Casteliño (GA32011046),
 - impacto moderado: Túmulo 2 de Campo da Mámoa (GA36018089), e posible Túmulo de A Costoia (RE360180089),
 - Impacto Severo no Campo da Mámoa/ Mámoa de Fixo (GA36018057),Túmulo 3 Campo da Mámoa(GA36018090) e Mámoa de Portela de Alvite (GA32011017).

Así mesmo remite ao Anexo 7 do EslA

- No apartado 7.- *Identificación y valoración dos impactos*, subapartado 7.9.- *Afecciones potenciales sobre patrimonio cultural y arqueológico*, repítense as consideracións xa recollidas nos apartados anteriores e





expoñen que un equipo de arqueólogos levara a cabo os traballos de seguimento a pé de obra, de forma que se detectasen algún novo xacemento comunicárase de forma inmediata ao organismo competente.

- O apartado 9.4.- *Valoración de impactos después de la aplicación de las medidas protectoras y correctoras*, considera que na fase de construción os efectos sobre os elementos arqueolóxicos son severos aínda que redúcese a súa intensidade coa aplicación das medidas correctoras, na fase de funcionamento non existen impactos, e na fase de abandono o impacto será severo. Conclúese que nas fases de construción e de abandono o indicador máis afectados é a arqueoloxía pola apertura de viarios e implantación de drenaxes, e na fase de abandono poloo desmantelamento das instalacións.
- Cotexados os datos e a planimetría do *Estudio de impacto ambiental referido al Proyecto de Ejecución Parque Eólico Paraño Oeste y conexión de evacuación, en el termino municipal de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) Octubre 2020 e Proyecto Sectorial Parque Eólico Paraño Oeste, termino municipal de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) Julio 2021*, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

INFORME

A vista do exposto na análise da documentación presentada e nas consideración técnicas, se informa de xeito **favorable** os documentos *Estudio de impacto ambiental referido al Proyecto de Ejecución Parque Eólico Paraño Oeste y conexión de evacuación, en el término municipal de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) Octubre 2020 e Proyecto Sectorial Parque Eólico Paraño Oeste, término municipal de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) Julio 2021*, coas medidas correctoras establecidas no Anexo 7 do EsIA, e tendo en conta as seguintes consideracións e condicións:

- Deberán desprazarse os viarios de nova creación que se localizan dentro das áreas de protección dos seguintes bens:
 - Mámoa do Casteliño (GA32011046): viario dende a SET ata o PÑW-17.
 - Campo da Mámoa/ Mámoa de Fixo (GA36018057), Túmulo do Campo da Mámoa 2 (GA36018089), e a Neveira (GA36018058): tramo nova execución.
- As ampliacións dos viarios as gabias de cableado nas zonas de protección dos bens arqueolóxicos: Campo da Mámoa/Mámoa de Fixo (GA36018057), Túmulo do Campo da Mámoa 2 (GA36018089), Túmulo do Campo da Mámoa 3 (GA36018090), Mámoa da Portela (GA32011017), Posible Túmulo da Costoia, só poderán realizarse mediante aporte de terras, e pola marxe máis afastada do xacemento. Ditos traballos deberán realizarse baixo control arqueolóxico presencial e continuo.
- As modificacións terán que ser informadas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muiños e outras construcións etnográficas) e valorárase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Os traballos de replanteo e construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico. A tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado as consideracións e condicións deste informe, e ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). En todo caso, o proxecto arqueolóxico recollerá as medidas correctoras xerais e específicas sinaladas no Anexo 7 do EsIA.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico proxectado coma de zonas de amoreamento de materiais.
- Rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos arqueolóxicos.





- O proxecto sectorial deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse na planimetría.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

